



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Descrición Decreto: Convocatoria e aprobación de bases para a contratación laboral temporal e formación de bolsa de traballo dunha brigada de prevención e defensa contra incendios forestais para o verán do ano 2021 (1 xefe de brigada, 1 peón conductor e 3 peóns de brigada)

DONA MARIA JESÚS NOVO GOMEZ ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Vista a Addenda asinada en data 28/12/2020 ao convenio interadministrativo subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Boimorto para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2019 cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020 (anualidade 2021), para realizar contratacións laborais temporais dunha brigada de prevención e defensa contra incendios forestais formada por cinco membros (un xefe de brigada, un peón conductor e tres peóns de brigada) cunha duración de tres meses.

Visto o expediente tramitado para a convocatoria e aprobación de bases do proceso selectivo correspondente e considerando o informe do departamento de Secretaria-Intervención de maio de 2021.

En uso das facultades outorgadas a esta Alcaldía polo artigo 21 da Lei 7/1985 do 2 de abril de bases do rexime local en materia de persoal polo presente **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Proceder á convocatoria e aprobación das bases, que se reproducen a continuación, que rexerán o proceso selectivo, por procedemento de concurso oposición, para a selección dunha brigada de prevención e defensa contra incendios forestais para o verán do ano 2021 e formación bolsa de traballo.

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA DE CONCURSO-OPOSICIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL E FORMACIÓN BOLSA DE TRABALLO DUNHA BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS PARA O VERÁN DO ANO 2021: 1 XEFE DE BRIGADA, 1 PEÓN CONDUCTOR E 3 PEÓN S DE BRIGADA

Primeira.- Obxecto da Convocatoria

O obxecto da presente convocatoria é a contratación laboral temporal, mediante concurso oposición, para formar unha brigada de prevención e defensa contra incendios forestais (composta por: un xefe de brigada , un peón conductor e tres peóns de brigada)

e formación de bolsa de traballo durante a tempada de verán do ano 2021 persoal subvencionado tal e como sinala a Segunda Addenda ao Convenio de colaboración suscrito entre este Concello e a Consellería do Medio rural para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa polo que se outorga subvención directa a este Concello para dito fin.

Segunda.- Normativa aplicable

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; Real Decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; Real Decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto Refundido da Lei do Estatuto dos traballadores; Decreto 95/1991, do 20 de marzo pola que se aproba o regulamento de selección de persoal da Comunidade Autónoma de Galicia; Lei 30/84, de 2 de agosto, de Medidas para la Reforma de la Función Pública; Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada; Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, de regras básicas e programas mínimos a que se debe axusta-lo procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; e supletoriamente, o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración Xeral do Estado. Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do sector Público.

Terceira.- Modalidade e duración do contrato, retribucións, período de proba e traballos a realizar

A contratación realizarase a través da modalidade de contrato de duración determinada por servizo, a xornada completa. A duración do servizo será de 3 meses.

As vacacións e o horario, que poderá ser de luns a domingo incluíndo domingos, festivos e festas locais así como quendas de noite necesarias tendo os descansos que establece o texto refundido do estatuto dos traballadores, adaptaranse ao fixado polo Servizo de Incendios da Xunta de Galicia e/ou Alcaldía do Concello de Boimorto.

A retribución mensual con paga extra xa prorrateada será :

- **Para Xefe de brigada: de 1.273,63 euros brutos mensuais.**
- **Para peón conductor: de 1.113,63 euros brutos mensuais.**
- **Para cada un dos tres peóns de brigada: de 1.108,33 euros brutos mensuais.**

(quedando incluída a parte proporcional de paga extra nas retribucións sinaladas).

En aplicación do artigo 14 do Estatuto dos traballadores establece un período de proba de quince días laborais.

Os traballos a realizar consistirán en:

- Traballos de vixilancia e defensa contra os incendios forestais: As brigadas colaborarán prioritariamente con respecto a outros traballos na defensa contra os incendios forestais integrándose no dispositivo do Distrito Forestal onde se sitúe o concello, segundo o disposto no artigo 48.6 da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais, na redacción dada na Lei 7/2012 do 28 de xuño de montes de Galicia, e o Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia (Pladiga). Así mesmo, cando concorran razóns extraordinarias, poderán colaborar na defensa de incendios declarados noutros ámbitos territoriais, dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Labores encamiñadas á prevención que diminúan o risco de propagación e minoren os danos dos incendios, no caso de producirse. Estes traballos desenvolveranse en faixas de xestión de biomasa ou nos terreos forestais de titularidade municipal ou de propietario descoñecido, así como en vías e camiños forestais da súa titularidade cando non sexa posible mecanizar estes traballos.

Os traballos consistirán en actuacións manuais en vías e camiños forestais, áreas cortalumes e faixas de xestión de biomasa mediante roza, rareo e eliminación de restos nos tres meses de operatividade da brigada.

Os traballos de extinción de incendios forestais serán prioritarios con respecto aos traballos de prevención.

Cuarta.- Requisitos dos/as aspirantes

Para participar nas probas selectivas os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes e deberán manterse durante todo o proceso selectivo:

a) Ser español ou nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado en que en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén poderá participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros estados membros da Unión Europea, e o dos nacionais dalgún estado en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España cando sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.

b) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que aspira, sen que se padeza enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto. A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación. Os aspirantes con discapacidade farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.

c) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.

d) Ademais do anteriormente exposto, serán requisitos para tódalas categorías segundo o disposto no punto oitavo apartado cuarto do Convenio de colaboración suscrito entre este Concello e a Consellería do Medio rural (*páxina web do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente existe unha recomendación técnica sobre procedementos para selección de persoal para extinción de incendios forestais onde se describen os procedementos para os bloques de saúde e condición física: https://www.mapa.gob.es/es/desarrollo-rural/temas/politica-forestal/incendios-forestales/seguridad/seleccion_personal_formacion_seguridad.aspx*)

- Recoñecemento médico segundo os criterios establecidos en dita recomendación técnica (anexo IV)

- Sinaturas de cuestionario de aptitude para o exercicio físico C-AEF e Consentimento con coñecemento de causa Xeral (anexo V).

Serán **requisitos específicos** en aplicación do disposto no artigo 56.3 do Estatuto básico do Empregado público os seguintes:

- **Para o posto de xefe de brigada:**

- Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións:

Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Técnico Forestal, Técnico superior en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos, técnico en traballos forestais e conservación do medio natural ou formación profesional equivalente

- Carné de conducir B

- **Para o posto de peón de brigada conductor**

- Estar en posesión do 1º ciclo de ESO ou equivalente (admítense certificados de escolaridade, garantía social ou equivalente)

- Carné de conducir B

- **Para os 2 postos de peóns de brigada**

- Estar en posesión do 1º ciclo de ESO ou equivalente (admítense certificados de escolaridade, garantía social ou equivalente)

O cumprimento dos requisitos anteriores entenderanse referidos ao último día do prazo de presentación de instancias.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

Quinta.- Presentación de instancias

As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na

sede electrónica municipal (emprego público–convocatoria de persoal):
<https://sede.boimorto.es>.

Tamén se poderán presentar as solicitudes no Rexistro Xeral do Concello ou en calquera dos lugares establecidos pola normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na páxina web do concello de Boimorto.

O prazo de presentación é de **vinte (20) días naturais** contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Edictos do concello e na páxina web do Concello de Boimorto.

Debido ó breve cómputo do prazo para a presentación de instancias, nos casos das solicitudes presentadas noutros organismos a través da valixa, os interesados deberán comunicar este feito ó Concello de Boimorto, por fax (981 516045) ou por correo electrónico (correo@boimorto.es) dentro do prazo anteriormente sinalado.

En consecuencia, DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR XUNTO COA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN:

- Fotocopia compulsada ou copia autenticada do DNI.
- Fotocopia compulsada ou copia auténtica do Título académico esixido.
- Fotocopia compulsada ou copia auténtica do permiso de conducir, no seu caso.
- Recoñecemento médico segundo os criterios establecidos en dita recomendación técnica (anexo IV).
- Sinaturas de cuestionario de aptitude para o exercicio físico C-AEF e Consentimento con coñecemento de causa Xeral (anexo V).
- Documentos xustificativos dos méritos que se aleguen para a fase concurso: Fotocopia compulsada ou copia auténtica de cada documento. O Tribunal non avaliará os méritos que non se aporten ou acrediten desta maneira.
- Celga 2 ou equivalente, no seu caso.

NON OBRIGATORIA ACREDITACIÓN COÑECEMENTO DO GALEGO

De presentar esta documentación os/as aspirantes que estean en posesión do Celga 2 ou equivalente estarán exentos da realización de proba de acreditación do coñecemento do galego.

De non acreditarse o coñecemento do galego por non presentar méritos neste apartado será obrigatoria a realización dun exercicio-entrevista na data fixada polo Tribunal.

Exercicio de coñecemento de galego, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá nunha proba oral nun tempo máximo de dez minutos. O exercicio será cualificado de apto ou non apto e terá carácter eliminatorio (artigo 51 Lei emprego público de Galicia 2/2015 de 29 de abril).

Deberá indicarse presentarse en solicitudes de participación diferenciadas se quere ser candidato/a a varias prazas e de ser seleccionado/a e superar ambos procesos selectivos indicar xa na solicitude a opción prioritaria para contratación.

Sexta.- Admisión de candidatos

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía, ditará resolución na que se aprobará a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as que se publicará no Taboleiro de Edictos do concello, e na páxina web do concello, e concederá un prazo de **cinco (5) días naturais** para os efectos de reclamacións ou subsanacións de erros.

As reclamacións, se as houberse, serán resoltas na resolución pola que se aprobe a lista definitiva que se publicará do mesmo xeito que a provisional. Nesta mesma resolución figurará a composición do tribunal, o lugar e data da celebración das probas selectivas. No caso de que por circunstancias excepcionais houberse que modificar lugar, data ou hora da valoración de méritos ou probas, publicarase no Taboleiro de Edictos do concello e na páxina web do concello.

Sétima.- Tribunal Cualificador

O tribunal estará constituído por:

Presidente/a: Un funcionario ou persoal laboral fixo designado pola alcaldía.

Secretario/a: Un funcionario ou persoal laboral fixo designado pola alcaldía.

Vogais: Funcionarios ou persoal laboral fixo designado pola alcaldía. Mínimo 3.

Os/as vogais e o Presidente/a deberán ter titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada.

Os integrantes do tribunal deberán absterse de formar parte destes, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, notificándoo á autoridade convocante, ou cando realizaran tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Os aspirantes poderán recusar os membros do tribunal de acordo co artigo 24 da mencionada Lei.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza de máis da metade dos seus membros, sexan, indistintamente, titulares ou suplentes. En todo caso será necesaria a presenza do Presidente/a e do Secretario/a ou de quen os substitúan.

O tribunal resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias para garantir a debida orde nas mesmas.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os anteditos asesores actuarán con voz e sen voto; limitaranse ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

As resolucións do tribunal vinculan á administración sen prexuízo de que esta, de ser o caso, poida proceder a súa revisión de acordo co previsto no artigo 106 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Oitava.- Probas selectivas e sistema de cualificación

Trala lista provisional elevada a definitiva ou lista definitiva de admitidos procederá o Tribunal cualificador a realizar unha proba de aptitude física, que será valorada como apto/a ou non.

É obrigatoria e de carácter eliminatorio, e consistirá na proba do banco que será organizada polo servizo de animación deportiva do Concello proponendo en informe a aptitude ou non dos aspirantes. Só se permitirá un único intento para superar a proba de aptitude física.

Protocolo da proba de aptitude física (Proba do banco):

(Segundo a recomendación técnica da páxina web do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente sobre procedementos para selección de persoal para extinción de incendios forestais onde se describen os procedementos para os bloques de saúde e condición física: https://www.mapa.gob.es/es/desarrollo-rural/temas/politica-forestal/incendios-forestales/seguridad/seleccion_personal_formacion_seguridad.aspx disposto no punto oitavo apartado cuarto do Convenio de colaboración, suscrito entre este Concello e a Consellería do Medio rural).

Dispoñer o metrónomo a unha cadencia de 90 pulsacións por minuto (22.5 ciclos de subir e baixar do banco cada minuto). Usarase un banco de 40 cm de altura para homes e un de 33 cm para mulleres.

Comezarase a proba do banco subindo e baixando do mesmo en cadencia co metrónomo. Cada catro pulsacións do metrónomo representar un ciclo completo de subir e baixar do banco. Cada pulsación do metrónomo representa un so paso como segue:

- Subir ao banco co pé dereito
- Subir ao banco co pé esquerdo
- Baixar do banco co pé dereito
- Baixar do banco co pé esquerdo. O pé dianteiro debe cambiarse varias veces durante a proba. Procurar estender as pernas no punto máis elevado de cada ascensión ao banco.

Efectuar a proba durante 5 minutos. Ao final dos 5 minutos. Sentarse inmediatamente e tomar o pulso. Sentarse tranquilamente durante 15 segundos. Medir a conta de latidos durante 15 segundos. Entre o segundo 15 e o 30 despois dos 5 minutos da proba. Pesarse nunha báscula a persoa e cos datos obtidos, idade, peso e pulsación, pasarase as táboas que se acompañan (Anexo III) e determinarase a capacidade aeróbica. Se a capacidade aeróbica é inferior a 40 non será apto para a extinción de incendios forestais.

Serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web a listas dos/as aspirantes co resultado a proba de aptitude física, tras a cal procederá o Tribunal Cualificador á realización da fase de oposición dos/as aspirantes que obtiveron a calificación de apto na proba de aptitude física e posteriormente os que superen a oposición cun mínimo de 4 puntos á baremación de méritos do concurso. No anexo I concretanse os méritos que se valorarán na fase de concurso, así como os criterios de valoración dos mesmos e a proba práctica da fase de oposición.

Tódalas convocatorias para día e hora destas probas publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web.

Novena.- Lista de seleccionados presentación de documentos

Unha vez rematada a cualificación dos aspirantes, o Tribunal publicará no Taboleiro de Edictos do Concello e na páxina web a relación de aprobados por orde de puntuación.

O resultado final do proceso de selección virá determinado pola suma da calificación da fase de concurso e oposición.

No suposto de empate nas puntuacións totais finais de dous ou máis aspirantes resolverase pola orde alfabética do primeiro apelido, e de ser igual, polo segundo, a partir da letra "Y", seguindo o resultado do sorteo feito público por Resolución do Conselleiro de Facenda, do 29 de xaneiro de 2021, pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, publicado no Diario Oficial de Galicia, número 24, do 5 de febreiro de 2021. No suposto de que non exista aspirante ningún co primeiro apelido que comece pola letra indicada pasarase á letra seguinte e así sucesivamente.

En defecto, de todo o anterior, o empate resolverase por sorteo cuxa realización se anunciará, para a posible presenza dos aspirantes afectados, sinalando o lugar, día e hora da súa celebración, mediante anuncio publicado cunha antelación mínima de corenta e oito (48) horas na páxina web do Concello, sen prexuízo da súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello.

O tribunal presentará á Sra. Alcaldesa a proposta dos/as candidatos/as que obtivese maior puntuación para o seu nomeamento sen que en ningún caso exceda do número de prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o anteriormente establecido será nula de pleno dereito.

O/a aspirante proposto/a achegará no prazo de 2 días naturais, contados a partir da publicación da lista de aprobados no Taboleiro de Edictos e páxina web o documento seguinte, no seu caso:

- O/a aspirante que faga valer a súa condición de persoas con discapacidade deberá presentar certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta Base e agás nos casos de forza maior, o cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 4.^a, non poderán formalizar o contrato e quedarán anuladas

as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incurrira por falsidade na solicitude de participación.

Décima.- Formalización do contrato e Curso de formación

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polo/a interesado/a, a Sra. Alcaldesa efectuará o nomeamento a favor dos/as candidatos/as propostos/as e asinará o contrato laboral nun prazo de dous (2) días naturais.

Trala contratación o/s traballadores obríganse o aceptar estas bases do proceso selectivo a realizar un curso teórico práctico de formación sobre prevención e defensa contra os incendios forestais de 16 horas cós contidos do anexo IV do Convenio de colaboración suscrito entre este Concello e a Consellería de Medio rural para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa impartido por persoal competente enxeñeiro de montes ou enxeñeiro técnico forestal curso obrigatorio para os integrantes da brigada inda que os compoñentes da brigada xa o recibisen en anos anteriores.

Undécima.- Formación Bolsa de traballo. Procedemento de chamamento e renuncia. Vixencia da bolsa

Todas as persoas que superen o proceso de selección, concretamente a proba de aptitude física e fase de oposición, serán incluídas nunha bolsa de traballo para os futuros nomeamentos que resulten necesarios e urxentes.

Por decreto da Alcaldía ou concelleira/o delegado con competencias na materia, a proposta do Tribunal cualificador, aprobarase a bolsa de traballo cos aspirantes que superaron o proceso selectivo, por orde de maior a menor puntuación, indicando a que obtivo cada un deles. Dita aprobación publicarase no Taboleiro de Edictos do Concello e na páxina web do Concello.

O chamamento e nomeamento do persoal efectuarase seguindo a orde de puntuación establecida na bolsa de traballo, de xeito que cando se deba proceder á cobertura temporal ofertaraselle o posto de traballo ao primeiro aspirante da lista.

Así, no caso de producirse a necesidade de prover un ou varios postos de traballo, coas características sinaladas, requirirase á ou ás persoas incluídas na listaxe coas maiores puntuacións, para os efectos de que, nun prazo fixado polo órgano competente competente en función da urxencia na provisión do posto, se incorpore ao mesmo.

Igualmente será fixado polo órgano competente o número de persoas por posto ás que se lle fara requirimento, indicándolle o número de orde no que se atopa na prelación

establecida polo Tribunal, de tal maneira que, no suposto de que a persoa ou persoas coas maiores puntuacións non formalicen o contrato no prazo establecido, non aporten debidamente a documentación a que se refire as bases, ou renuncien por escrito a prestar os servizos para os que se lle require, pasarase aos seguintes na lista.

Dito requirimento será realizado de forma telefónica, efectuando un máximo de dous intentos no mesmo día e a distinta hora en xornada de mañá, con posibilidade de practicar un terceiro chamamento ao día seguinte cando así o dispoña o órgano competente, deixando informe desta actuación un traballador funcionario ou laboral fixo do Concello.

De non ser localizado o primeiro integrante da lista, procederase a chamar aos seguintes aspirantes.

A falta de contestación telefónica dun candidato da lista para a súa incorporación non será considerada como renuncia, conservando o seu posto na mesma para as próximas incorporacións.

O integrante da bolsa que resulte contratado para a cobertura dun posto de traballo causará baixa na bolsa, e unha vez que finalice o seu nomeamento co concello volverá causar alta no posto que viña ocupando na mesma que lle corresponde en relación cos puntos obtidos no proceso selectivo.

A renuncia a un posto de traballo ofertado suporá o pase do aspirante ao último lugar da bolsa de traballo, salvo que concurra unha das seguintes circunstancias:

- Parto, baixa por maternidade ou situacións asimiladas.
- Enfermidade grave que impida a asistencia ao traballo, sempre que se acredite debidamente.
- Situación de incapacidade temporal.
- Exercicio de cargo público representativo que imposibilite a asistencia ao traballo.
- Contrato de traballo ou alta en actividade empresarial ou profesional.
- Causa de forza maior que sexa apreciada con tal carácter.

Todas estas circunstancias deberán acreditarse cos documentos oficiais correspondentes.

Feito o chamamento mediante requirimento, a renuncia ao posto de traballo farase de forma expresa. Para elo, o aspirante comunicará a súa renuncia ao posto nun intervalo máximo de 48 horas desde que se produce o chamamento, indicando, de selo caso, a causa que a motiva a fin de determinar se concorre nun dos supostos establecidos nesta cláusula.

Se o aspirante non realiza dita comunicación no tempo indicado, deixarase informe desta incidencia polo traballador funcionario ou laboral fixo do Concello e procederá a chamar aos seguintes aspirantes.

A exclusión dun aspirante da bolsa de traballo poderá producirse por algún dos seguintes supostos:

- Solicitude expresa.
- Por rexeitamento de oferta de traballo adecuada por causa non xustificada.
- Por falta de incorporación ao seu posto de traballo trala aceptación da oferta por causa non xustificada.
- Ser sancionado, con carácter firme, por unha falta tipificada como grave/moi grave.
- A falta de comunicación da renuncia no modo establecido.

En todo caso, a bolsa de emprego terá unha vixencia de tres anos a contar desde a súa publicación no Taboleiro de Edictos do Concello da constitución da mesma ou ata a constitución dunha nova bolsa de emprego da mesma categoría profesional.

Queda condicionada a súa utilización ao que resulte da aplicación das Bases de Execución do Orzamento, así como da lexislación estatal relativa a contratación de persoal laboral temporal.

Coa entrada en vigor da presente bolsa de traballo queda derogada de forma expresa a seguinte bolsa: bolsa de traballo dunha brigada de prevención e defensa contra incendios forestais aprobada por decreto nº 183/2020 de data 11/06/2020.

Duodécima.- Recursos

Esta convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos se deriven delas ou da actuación do tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecida pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

ANEXO I

FASE DE CONCURSO:

Valoraranse os seguintes méritos:

A.1.–Experiencia profesional ou servizos prestados, ata un máximo de 4 puntos.

Por servizos prestados en calquera Administración Pública ou empresa privada en postos similares: 0,10 puntos por mes, ata un máximo de 4 puntos.

A acreditación dos servizos prestados efectuarase mediante certificación expedida pola secretaría do concello ou entidade pública onde se teñan prestado os servizos, ou como se sinala a continuación para a empresa privada; para a empresa privada certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral de Seguridade Social acompañado do certificado de empresa no que conste a categoría na que se teñen prestado os servizos e/ou contrato de traballo. A non presentación de ambos documentos (vida laboral + certificado de empresa e/ou contrato de traballo) suporá a non valoración do mérito alegado. Non se terán en conta os servizos prestados como autónomo.

A.2 Formación: Cursos, ata un máximo de 4 puntos:

- cursos relacionados coa actividade e tarefas do posto de traballo a desenvolver impartidos por unha Administración Pública ou entidade pública ou homologadas por elas:

- De menos de 20 horas: 0,10 puntos por curso.
- De 20 a 40 horas: 0,30 puntos por curso.
- De máis de 40 horas: 0,50 puntos por curso.

Os cursos onde non figuren expresamente o número de horas, valoraranse con 0,05 puntos por curso.

A puntuación máxima que se poderá acadar no apartado A.2 será de 4 puntos.

FASE DE OPOSICIÓN:

Proba práctica:

Proba de capacitación profesional: consistirá na realización dunha proba do manexo da ferramenta de desbroce, durante un tempo máximo de 5 minutos.

Puntuación máxima: 12 puntos. Para considerar superada a fase de oposición será preciso obter un **mínimo de 4 puntos** sobre o total de 12 puntos.

Valoración da proba práctica. Motivando a puntuación da seguinte forma:

- 6 puntos por aplicación da normativa de seguridade nos traballos a desenvolver.
- 6 puntos por axilidade e destreza no manexo da maquinaria.

ANEXO II

MODELO DE INSTANCIA:

D./Dna.....,con
DNI número.....e domicilio a efectos de notificacións e

comunicación en.....
CP.....localidade.....telf.....

EXPÓN:

I.- Que ten coñecemento da convocatoria publicada e bases para selección de persoal laboral temporal para a brigada de prevención e defensa contra incendios forestais.

II.- Que está en posesión de todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases de selección.

III.- Declaro de forma xurada que non fun separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin encontrarse inhabilitado/a para o exercicio da función pública por sentenza firme.

IV.- Declaro de forma xurada que non me atopo incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ó momento da súa toma de posesión.

Polo exposto, aportando a documentación que se achega, **SOLICITO:** Ser admitido no proceso selectivo de: o Xefe de Brigada
 o Peón de Brigada conductor
 o Peón de Brigada

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

- Fotocopia compulsada ou copia autenticada do DNI.
- Fotocopia compulsada ou copia auténtica do Título académico esixido.

Fotocopia compulsada ou copia auténtica do permiso de conducir, no seu caso.

Recoñecemento médico segundo os criterios establecidos en dita recomendación técnica (anexo IV)

Sinaturas de cuestionario de aptitude para o exercicio físico C-AEF e Consentimento con coñecemento de causa Xeral (anexo V).

Celga 2 ou equivalente, no seu caso.

Documentos xustificativos dos méritos que se aleguen para a fase concurso: Fotocopia compulsada ou copia auténtica de cada documento. O Tribunal non avaliará os méritos que non se aporten ou acrediten desta maneira: (Enumeración)

.....
.....
.....

.....
.....

* Tamén son candidato no proceso selectivo de selección de persoal para a brigada de prevención e defensa contra incendios na categoría de.....de ser seleccionado tras varios procesos selectivos sinalo como prioridade do meu interese (indicar 1º/2º/3º):

..... Xefe de Brigada

..... Peón de Brigada conductor

..... Peón de Brigada

Lugar e data:

Asdo.:

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)”

ANEXO III

Prueba del banco. Coeficiente de salud para hombres

Pulsaciones durante 15 sg.	44	33	33	33	33	33	32	32	32	32	32	32	32	32	32	32	32	32	32
	44	34	34	34	34	33	33	33	33	33	33	33	33	33	33	33	33	33	33
	43	35	35	35	34	34	34	34	34	34	34	34	34	34	34	34	34	34	34
	42	36	35	35	35	35	35	35	35	35	35	35	35	35	35	35	35	35	35
	41	36	36	36	36	36	36	36	36	36	36	36	36	36	36	36	36	36	36
	40	37	37	37	37	37	37	37	37	37	37	37	37	37	37	37	37	37	37
	39	38	38	38	38	38	38	38	38	38	38	38	38	38	38	38	37	37	37
	38	39	39	39	39	39	39	39	39	39	39	39	39	39	39	39	39	38	38
	37	41	40	40	40	40	40	40	40	40	40	40	40	40	40	40	39	39	39
	36	42	42	41	41	41	41	41	41	41	41	41	41	41	41	41	41	40	40
	35	43	43	42	42	42	42	42	42	42	42	42	42	42	42	42	42	42	41
	34	44	44	43	43	43	43	43	43	43	43	43	43	43	43	43	43	43	43
	33	46	45	45	45	45	45	44	44	44	44	44	44	44	44	44	44	44	44
	32	47	47	46	46	46	46	46	46	46	46	46	46	46	46	46	46	46	46
	31	48	48	48	47	47	47	47	47	47	47	47	47	47	47	47	47	47	47
	30	50	49	49	49	49	48	48	48	48	48	48	48	48	48	48	48	48	48
	29	52	51	51	51	50	50	50	50	50	50	50	50	50	50	50	50	50	50
	28	53	53	53	53	52	52	52	52	52	52	52	52	51	51	51	51	51	51
	27	55	55	55	54	54	54	54	54	54	54	54	53	53	53	53	53	53	53
	26	57	57	56	56	56	56	56	56	56	56	56	55	55	54	54	54	54	54
25	59	58	58	58	58	58	58	58	58	58	58	56	56	55	55	55	55	55	
24	60	60	60	60	60	60	60	60	59	59	59	58	58	57	57	57	57	57	
23	62	62	61	61	61	61	61	61	60	60	60	60	60	59	59	59	59	59	
22	64	64	63	63	63	63	62	61	61	61	61	61	61	61	61	61	61	61	
21	66	66	65	65	65	64	64	64	62	62	62	62	62	62	62	62	62	62	
20	68	68	67	67	67	67	66	66	65	65	65	65	65	65	65	65	65	65	
	60	65	70	75	80	85	90	95	100	105	110	120	130						

Peso corporal (kg)

Prueba del banco. Coeficiente de salud para mujeres

Pulsaciones durante 15 sg.	45																	29	29	29
	44																	30	30	30
	43																	31	31	31
	42				32	32	32	32	32	32	32	32	32	32	32	32	32	32	32	32
	41				33	33	33	33	33	33	33	33	33	33	33	33	33	33	33	33
	40				34	34	34	34	34	34	34	34	34	34	34	34	34	34	34	34
	39				35	35	35	35	35	35	35	35	35	35	35	35	35	35	35	35
	38				36	36	36	36	36	36	36	36	36	36	36	36	36	36	36	36
	37				37	37	37	37	37	37	37	37	37	37	37	37	37	37	37	37
	36				37	38	38	38	38	38	38	38	38	38	38	38	38	38	38	38
	35	38	38	39	39	39	39	39	39	39	39	39	39	39	39	39	39	39	39	39
	34	39	39	40	40	40	40	40	40	40	40	40	40	40	40	40	40	40	40	40
	33	40	40	41	41	41	41	41	41	41	41	41	41	41	41	41	41	41	41	41
	32	41	41	42	42	42	42	42	42	42	42	42	42	42	42	42	42	42	42	42
	31	42	42	43	43	43	43	43	43	43	43	43	43	43	43	43	43	43	43	43
	30	43	43	44	44	44	44	44	44	44	44	44	44	44	44	44	44	44	44	44
	29	44	44	45	45	45	45	45	45	45	45	45	45	45	45	45	45	45	45	45
	28	45	45	46	46	46	46	47	47	47	47	47	47	47	47	47	47	47	47	47
	27	46	46	47	48	48	49	49	49	49	49	49	49	49	49	49	49	49	49	49
	26	47	48	49	50	50	51	51	51	51	51	51	51	51	51	51	51	51	51	51
25	49	50	51	52	52	53	53	53	53	53	53	53	53	53	53	53	53	53	53	
24	51	52	53	54	54	55	55	55	55	55	55	55	55	55	55	55	55	55	55	
23	53	54	55	56	56	57	57	57	57	57	57	57	57	57	57	57	57	57	57	
	40	45	50	55	60	65	70	75	80	85	90	95								

Peso corporal (kg)

Tabla de capacidad aeróbica ajustada a la edad

72	76	73	72	71	69	68	66	64	62	60	58
71	75	72	71	70	68	67	65	63	61	59	57
70	74	71	70	69	67	66	65	62	60	58	56
69	72	70	69	68	66	65	64	61	59	57	55
68	71	69	68	67	65	64	63	61	59	57	54
67	70	68	67	66	64	63	62	59	58	56	54
66	69	67	66	65	63	62	61	58	57	55	54
65	68	66	65	64	62	61	60	58	56	54	53
64	67	65	64	63	61	60	59	57	55	53	52
63	66	64	63	62	60	59	58	56	54	52	51
62	65	63	62	61	59	58	57	55	53	51	50
61	64	62	61	60	58	57	56	54	53	51	50
60	63	61	60	59	57	56	55	53	52	50	49
59	62	60	59	58	56	55	54	53	51	49	48
58	61	59	58	57	55	54	53	52	50	48	47
57	60	58	57	56	54	53	52	52	49	47	46
56	59	57	56	55	53	52	51	50	48	46	46
55	58	56	55	54	52	51	50	49	47	46	45
54	57	55	54	53	51	50	49	48	46	45	44
53	56	54	53	52	50	49	48	47	46	44	43
52	55	53	52	51	49	48	47	46	45	43	42
51	54	52	51	50	48	47	46	45	44	42	41
50	53	51	50	49	47	46	45	45	43	42	40
49	51	50	49	48	46	45	44	44	42	41	39
48	50	49	48	47	45	44	43	43	41	40	38
47	49	48	47	46	44	43	42	42	40	39	38
46	48	47	46	45	43	42	41	41	40	38	37
45	47	46	45	44	42	41	40	40	39	37	36
44	46	45	44	43	41	40	39	39	38	37	35
43	45	44	43	42	40	39	38	38	37	36	34
42	44	43	42	41	39	38	37	37	36	35	33
41	43	42	41	40	38	37	36	36	35	34	32
40	42	41	40	39	37	36	35	35	34	33	31
39	41	40	39	38	36	35	34	34	33	32	30
38	40	39	38	37	35	34	33	33	32	31	29
37	39	38	37	36	34	33	32	32	31	30	28
36	38	37	36	35	33	32	31	31	30	28	27
35	37	36	35	34	32	31	30	30	29	27	26
34	36	35	34	33	31	30	29	29	28	26	25
33	35	34	33	32	30	29	28	28	27	25	24
32	34	33	32	31	29	28	27	26	25	24	23
31	33	32	31	30	28	27	26	25	24	23	22
30	32	31	30	29	27	26	25	24	23	22	21
	15	20	25	30	35	40	45	50	55	60	65

Coeficiente de salud.

Edad mas próxima

ANEXO IV

PARTE SALUD.

1.1 Certificado y Reconocimiento médico.

A todos los participantes en el proceso de selección se exigirá un certificado médico realizado en los quince días anteriores a la ejecución de la prueba de aptitud física.

1.2 Criterios Base para el Reconocimiento Médico.

▪ Oftalmología: No padecer.

- Disminuciones de la agudeza visual inferiores a 1/2 en el ojo mejor y 1/3 en el ojo peor medida sin corrección.
- Retinopatía (se admite la Coriorretinitis Central Serosa).
- Retinosis pigmentaria.
- Hemeralopia.
- Hemianopsia.
- Diplopia.
- Discromatopsias importantes.
- Glaucoma.
- Afaquias pseudoafaquias.
- Subluxación del cristalino.
- Distrofia corneal progresiva o con disminución de la agudeza visual inferior a la permitida.
- Queratitis crónica.
- Alteraciones aculomotoras importantes.
- Dacriocistitis crónica.
- Párpados: Cualquier patología o defecto que impida la protección del ojo a la intemperie.
- Tumores oculares.
- Amputación importante del campo visual en ambos ojos.
- Daltonismo.

1.2.2 Otorrinolaringología: No padecer.

- Trauma acústico o sordera profesional: No se admitirán pérdidas mayores a 22 decibelios en la frecuencia 4.000 hertzios una vez descontada la pérdida normal para la edad según normas E.L.I.(Early Loss Index).

- Vértigo.

- Dificultades importantes en la formación.
- Perforación timpánica.
- La agudeza auditiva conversacional será medida según las normas P.C.B.(perdida global binaural) y no se admitirá ningún grado de hipoacusia.
- No se permite audífono.

1.2.3 Aparato Locomotor: No padecer.

- Enfermedades y limitaciones de movimientos: No se admitirán grados de movilidad inferiores a:

Extremidades superiores:

Hombro:

- Elevación progresiva en anteversión hasta 180°.
- Abducción hasta 120°.
- Dinamometría Escapular menor de 25 kg. en hombres y 15 kg en mujeres.

Codo:

- Flexión hasta 140°.
- Extensión hasta 0°.
- Supinopronación de 0° a 180°.

Muñeca:

- Flexo-extensión hasta 120°.

Manos y dedos:

- Dinamometría: No inferior a 30 kg en cualquiera de las manos en hombres y 15 kg en mujeres.
- Falta o pérdida de más de 1/3 de la falange distal del primer dedo de una mano.
- Falta o pérdida de cualquier falange de cualquier dedo, excepto la falange distal del quinto dedo.
- Falta de una mano o de cualquier parte de la misma salvo los dedos según se describe anteriormente.

Extremidades inferiores:

Cadera:

- Flexión hasta 120°.
- Extensión hasta 10° (mas allá de 0°).
- Tener una extremidad inferior mas corta que la otra (mayor de 1 cm.) previo Rx.

Rodilla:

- Extensión completa.
- Flexión hasta 130°.
- Lesiones articulares o ligamentosas no reparables.

Tobillo:

- Flexo-extensión dorso plantar hasta 145°.

Pie:

- Pie zambo.
- Pie plano.
- Pie plano espástico.
- Pie cavas.

Dedos:

- Limitación de movimientos que dificulte andar, correr o saltar.
- Falta de cualquier falange de cualquier dedo.
- Dedos en garra que impidan llevar las botas de trabajo.
- Hallus Valgus.
- Dedo de martillo.

Columna vertebral:

- Escoliosis mayor de 7°.

- Costilla accesoria que produzca "Robo de Subclavia".
- Hernia (fiscal).

Enfermedades varias:

- Fracturas que dejen secuelas y dificulten la función.
- Osteomielitis.
- Osteoporosis.
- Condromalacia.
- Artritis.
- Luxación recidivante.
- Parálisis muscular.
- Miptonía congénita
- Cualquier otra enfermedad osteomuscular que limite la movilidad dificultando las funciones del especialista de incendios forestales.

1.2.4 Aparato Digestivo: No padecer.

- Cirrosis.
- Hepatopatías crónicas.
- Pancreatitis crónica.
- Ulcera sangrante recidivante.
- Cualquier patología del aparato digestivo o intervenciones quirúrgicas que presenten secuelas funcionales con repercusiones orgánicas y que incidan negativamente en el desempeño de su trabajo.
- Hepatopatias agudas con repercusión enzimática.

▪ **Aparato Cardiovascular: No padecer.**

- Hipertensión arterial mayor de 155/95 mmHg en tres tornas.
- Hipotensión inferior a 90/50 mmHg en tres tornas.

- Insuficiencia cardíaca.
- Infarto de miocardio, ni haberlo sufrido anteriormente.
- Coronariopatías.
- Arritmias importantes.
- Cariopatías congénitas y anomalías de grandes vasos, valvulopatías que disminuyan la capacidad cardiovascular del opositor.
- Taquicardia sinusal permanente de mas de 120 latidos por minuto.
- Flutter.
- Fibrilación.
- Síndromes de preexcitación.
- Bloqueo aurículo-ventricular de 2° ó 3°.
- Extrasístoles patológicos.
- Valvulopatías.
- No se admitirán prótesis valvulares.
- Aneurismas cardíacos o de grandes vasos.
- Insuficiencia arterial periférica.
- Insuficiencia venosa periférica que produzca signos o estasis o alteraciones tróficas varicosas importantes.
- Secuelas post-tromboembólicas.
- Defectos y deformaciones de los dedos y/o manos producidos por problemas de circulación, que sean sintomáticos o dificulten la realización satisfactoria de los trabajos del especialista de incendios forestales.
- Pericarditis, endocarditis, miocarditis y miocardiopatías de evolución crónica o que alteren la función cardiovascular.

- **Aparato Respiratorio: No padecer.**

- Disminución del VEMS por debajo del 80%.

- EPOC
- Asma bronquial.
- Atelectasia.
- Enfisema.
- Nuernotorax recidivante.
- Otros procesos respiratorios que incidan negativamente en las prácticas físicas a realizar y en las tareas específicas del especialista de incendios forestales.

1.2.7 Sistema Nervioso Central: No Padecer.

- Alteraciones del equilibrio, marcha y coordinación psicomotriz que impida el normal desarrollo de la función del especialista de incendios forestales.
- Parkinson, Corea o Balismo.
- Epilepsia.
- Esclerosis múltiples
- Ataxia.
- Arteriosclerosis cerebral sintomática.
- Vértigo de origen central.
- Síndrome vertiginoso de cualquier etiología persistente.
- Neuropatías periféricas parciales o totales que alteren la sensibilidad o movilidad corporal de forma manifiesta.
- Alteraciones psiquiátricas de base.
- Cualquier grado de hiposmia.

1.2.8 Piel y Faneras: No Padecer.

- Cicatrices que produzcan limitación funcional importante y aquellos procesos patológicos que limiten o se agraven con el desempeño de la función del especialista de incendios forestales.

1.2.9 Aparato Genital:

- Disgenesias, hipogenesias y agenesias gonadales y genitales. Hermafroditismo verdaderos en ambos sexos, así como el pseudohermafroditismo y el testículo feminizante en los varones siempre que causen problemas de salud.

- Prolapsos genitales no corregibles en la mujer.

- Hidrocele y varicocele no corregibles en el hombre.

1.2.10 Sangre y Organos Hematopoyeticos:

- Leucosis, enfermedades linfoproliferativas y neoplasias eritroides.

- Diatesis hemorrágicas patológicas.

- Síndrome de deficiencia inmunitaria.

1.2.11 Otros procesos patológicos que impiden el normal desarrollo de las funciones del especialista de incendios forestales: No padecer.

- Diabetes tipo I o II.

- Diabetes insípida.

- Enfermedad de Cushing.

- Enfermedad de Addison.

- Insuficiencia renal crónica.

- Falta de un riñón.

- Enfermedades renales evolutivas.

- Hemopatías crónicas graves.

- Pruebas analíticas compatibles con patología de base.

- Tumores malignos invalidantes.

- Tuberculosis.

- Hernia inguinal.

- Análisis de orina: Albuminuria y/o Cilindruria importantes.

- No alcoholismo ni drogadicción.

- Cualquier otro proceso patológico que dificulte o impida el desarrollo de las funciones del especialista de incendios forestales.

ANEXO V

1.3.1 Cuestionario de aptitud para el ejercicio físico (c-aef).

- ¿Le han dicho alguna vez su médico que tiene un problema cardiaco?
- ¿Tiene usted dolores frecuentes en el pecho?
- ¿Siente con frecuencia sensaciones de mareo o amagos de vértigo intenso?
- ¿Le ha dicho algún médico en alguna ocasión que su tensión arterial es demasiado elevada?
- ¿Le ha dicho algún médico alguna vez que padece usted un problema óseo o articular, como artrosis, que se ha agravado con el ejercicio, o que puede empeorar con él?
- ¿Existe alguna razón física no mencionada aquí por la que no debería seguir usted un programa de ejercicio aunque lo deseara?
- ¿Tiene usted mas de 65 años y no está acostumbrado al ejercicio intenso?
- Si alguien responde que si a alguna de estas preguntas, los ejercicios intensos o las pruebas de esfuerzo han de posponerse y debe buscarse autorización médica.

Fuente: PAR-.Q Validación Report. British Columbia Department of Health, junio 1975. (versión revisada).

1.3.3 Consentimiento con conocimiento de causa. General.

Como parte de este proceso de selección, entiendo que se me pedirá llevar a cabo diversas pruebas para valorar mi nivel de aptitud biológica. Entiendo que estas pruebas serán administradas por personal experimentado. Soy asimismo consciente de que la administración y la ejecución de tales pruebas se han diseñado como un proceso de selección.

Entiendo que tengo libertad para formular cualquier pregunta sobre cualquier prueba. Si por algún motivo no puedo realizar alguna prueba, informare al administrador.

Existen ciertos riesgos asociados con toda valoración. Entre ellos, respuestas anormales de la tensión arterial o de la frecuencia cardíaca, trastornos en los latidos cardíacos, desmayos y en casos raros, ataques cardíacos, apoplejía o muerte. Se harán todos los esfuerzos posibles para minimizar estos riesgos mediante la evaluación de la información preliminar relacionada con el estado de mi salud.

Puesto que mi estado de salud puede afectar directamente a mi seguridad durante el ejercicio, pondré al corriente al administrador de todos mis problemas de salud. Asimismo informaré con prontitud sobre cualquier molestia o dolor asociados con una determinada prueba a los administradores.

La información sobre mí no será revelada a nadie extraño sin mi autorización escrita.

Mi inscrición para participar en este proceso de selección es voluntaria y entiendo que soy libre de retirarme de cualquier prueba, en cualquier momento, por razones de salud.

He leído este formulario y he dado mi consentimiento escrito para participar en este proceso de selección.

Firma

Firma testigo

Sírvase hacer una fotocopia y conservarla.

Fecha:

SEGUNDO.- Publicar no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web e Boletín Oficial da provincia anuncio indicativo deste procedemento de selección.

TERCEIRO.- Contra o presente acordo que pon fin a via administrativa, pode interponer potestativamente e perante o mesmo órgano que o ditou, de conformidade co preceptuado no artigo 123 da lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común, **recurso de reposición** no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación. O recurso potestativo de reposición tera que resolverse e notificarse no prazo dun mes; entenderase desestimado se transcorre este prazo sen que se lle notifique a resolución expresa (artigos 124.2 e 24.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro).

Contra a resolución expresa do recurso de reposición ou ben directamente contra o presente acordo pode interponer **recurso contencioso-administrativo**, perante o órgano competente da xurisdicción contencioso-administrativa, de conformidade co disposto nos artigos 8, 9 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da devandita resolución ou o da notificación do presente acordo. Se a resolución non fose expresa, o prazo de interposición do recurso contencioso administrativo será de seis meses e contarase a partir do día seguinte a aquel en que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso potestativo de reposición ou a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto. Todo iso sen prexuízo da realización de cantas accións estime oportunas na defensa dos seus intereses lexítimos. A interposición do recurso non paraliza a executividade da presente resolución.

Decretouno a Alcaldía, Boimorto á data da súa sinatura dixital, do que eu Secretario deste Concello, dou fe e traslado

A Alcaldesa - Presidenta

Dou fe, o secretario

Asdo.- MARIA JESUS NOVO GOMEZ

Asdo.- JORGE BOADO FERNÁNDEZ